

ITINERARIO CAMIÑO VIOLETA (PUNTOS DE REFERENCIA)

Hora e lugar de saída: Praza de España, 10:00

Hora e lugar de remate: Audiencia , de 11.30 a 12:00

1. Praza de España

Lectura poema 1. “As que non fomos arroladas” Elisabeth Oliveira, *As ninguén*. (IES Valle Inclán)

2. Praza Curros Enríquez

3. Praza da Ferrería

4. Praza da Leña

5. Pazo de Mugartegui

Lectura poema 2. “Un recordo” Margaret Sackville. (IES Frei Martín Sarmiento)

6. Praza de Abastos (por detrás dos edificios que dan aos restos da muralla)

7. Peirao

8. Arzobispo Malvar /Santa María (aquí desviámonos cara a Casa Azul por Isabel II)

9. Casa Azul

Lectura poema: 3. “Era unha boneca”, Elisabeth Oliveira de *Náufragas no mar e na terra*. (IES Sánchez Cantón)

10. Praza de España

11. Deputación

12. Audiencia

Lectura poema 4. “Nenas, non noivas” de Reshma Ramesh (Os tres centros)

POEMAS

1. “As que non fomos arroladas” (IES Valle Inclán)

As que non fomos arroladas
con cantigas de durmir,
con movementos de péndulo
calculados con amor,
nin sabemos do perfume
primixenio do colo da nai.

Aí quedamos:
nacemos como nace
calquera mazá na maceira,
madurando a mercé do clima,
sacudida polos ventos,
mancada pola saraiba,
lavada polo orballo,
alumeada polo sol.

As que dende o berce
aprendemos a perder o medo
contando os coches que pasan.
As que chorabamos bágoas caladas,
queixumes que morrían co silencio
dun cuarto escuro, de día,
que non chegaban a ningures,
que non ouvía máis ninguén
porque alén das paredes de tixolo,
da porta de folla de madeira,
batían as voces contra o nada.

Aquelas, aínda somos nós,
mesmo se parecía,

nesa caverna de soidade,
que nada máis virmos
ao agoniante mundo,
xa non eramos,
ou tan pouca cousa,

como se fósemos nada
como se nada fósemos
como se fósemos ninguén,

NÓS!
Que tivemos de inventarnos.

(As ninguén, Elisabeth Oliveira)

2. “Un recordo” (IES Frei Martín Sarmiento)

Non había nin un ruído, nin un berro na vila,
é dicir, nada que contase como son, tras as bombas; só
detrás dun muro un apagado salouco de mulleres, o renxer
dunha porta, un can perdido: nada
máis un silencio que podía tocarse, non había
pena no silencio,
terrible, brando como o sangue, por todos
os camiños ensanguentados.
No medio da rúa dous corpos xacen
insepultos
e unha muller acoitelada fítanos
na praza do mercado
humilde da arruinada vila, non hai
orgullo de conquista para eles,
a súa única oración: Dáanos hoxe, Señor,
o noso pan de cada día.
Somos os lumes da batalla ou a
metralla o que nos persegue:
Quen nos librará do recordo destes
mortos?

Margaret Sackville

3. “Era unha boneca” (IES Sánchez Cantón)

Era unha boneca
de cristal pulido,
repuxado e sen
arestas.

Era un ser de luz,
sorriso aberto,
ollar brillante,
confiado.

Era ritmo ao andar,
baile silente,
seguindo o compás
dos cadrís.

Era andoriña ceibe
que ousaba voar
entre sombras
a espreitar.

Era un futuro
sen sospeitar
do condicional
do seu ser.

Era a esperanza
de todo un mundo,
nun ventre novo

sen estrear.

Era negra lúa,
brillando infinda
entre as nubes
de gris esparto.

Era corpo e alma
a danzaren coma
corrente de auga
no deserto.

Isto todo era,
antes da noite
calada polos
berros da dor.

Isto todo era,
antes das hienas
a esbandallaren
o que ela era.

Isto todo era,
antes de xa non ser
nas mans de ferro
brutas, animais.

(Náufragas no mar e na terra, Elisabeth Oliveira)

4. Nenas, non noivas de Reshma Ramesh (poeta india) (IES Valle Inclán, IES Frei Martín Sarmiento, IES Sánchez Cantón)

«Matrimonio infantil son dúas palabras que non deberían aparecer xuntas.»
A súa pelve résgase un pouco (só un pouco) na primeira noite en que el
irrompe no seu
corpo.

Ela mírao de ollos moi abertos, confundida perante uns dentes suxos que
pasaron á idade
adulta moito antes de que fora concibida no ventre da súa nai.

El succiónalle a carne, crávalle os dentes nas costelas, esmagando un templo
que
podería erguerse
alí onde agora esas mans afogan o que semella unha aréola disposta para
floreecer cando
chegue a primavera.

A noiva camiña entre plantacións soñando
coa escola, coas amizades, cunha biblioteca chea de libros sen ler, cousas de
xantar para
compartir, pequenas liortas cos irmáns e a ollada cansa da súa nai desde a
cociña.

O seu lombo miúdo está agora crebado, os seus brazos finos tentan volveuse
remos
batuxando con forza no mar nunha noite de treboada, cansos, réndense no
solpor
e espertan nunha leira lamacenta, ateigada de minas, cunha espadana
atravesándolle a
gorxa.

Agora é unha muller, mentres os homes agardan pola colleita
do seu útero efémero que aínda non conseguiu coser as súas capas nun só
tecido
humano.

É unha noiva, con flores no cabelo, un rostro que asoma tras un veo,
unha estatística nun papel sobre o analfabetismo,
unha filla desaparecida, unha noticia que pode converterse en documental,
unha historia no xornal que Occidente lerá se abre pola páxina correcta
un corpo frío sen identificar nun campo de canas de azucre,
un número ausente no rexistro da escola,
unha nota nos papeis dos deputados da oposición,
unha nai adolescente analfabeta,
unha meniña, coma a miña sobriña, que xace en silencio nunha cama de
hospital,
desangrándose,
unha alumna ausente nunha aula chea de nenos que fan voar avións de papel,
unha escrava, unha carga económica, a encarnación da pobreza,
un dote transferido dunha man a outra entre dous homes adultos,
a honra familiar que cómpre defender, unha prisioneira de guerra.

É isto e aquilo, todo o que os homes poden pensar, excepto a meniña que
realmente é,
que soña con chegar a ser médica, piloto, científica ou mestra,
calquera cousa, agás esposa.

Reshma Ramesh